

REGULAMENTO DA XVI ASEMBLEA NACIONAL DE GALIZA NOVA

Capítulo 1. Participación.

Artigo 1.

Teñen dereito a asistir á Asemblea Nacional todas e todos os militantes con alta dada nos organismos de Galiza Nova e as e os que a teñen comunicada no Consello Comarcal do BNG antes do 15 de xuño e co pago das cotas ao día. Darase de prazo até o 15 de xuño para que as e os militantes actualicen as cotas. Até o 15 de xuño as e os responsábeis comarcais teñen de prazo para ingresar as cotas recadadas en man e remitir á Permanente de Galiza Nova o listado de persoas que pagaron na comarca deste xeito. Con todos os datos que consten a nivel nacional elaborárase o censo de militantes con dereito a voto na Asemblea Nacional, que será trasladado ás comarcas no prazo establecido. Entre o 16 e o 26 de xuño comunicaranse os erros detectados. Posteriormente comunicárase a cada comarca o censo de Asembleístas definitivo da comarca. Cada militante que se acredite, deberá abonar a cantidade de 10 euros a fin de contribuír aos gastos da Asemblea Nacional (instalacións, edición dos textos a debate, xantares...); se algún ou algunha militante non pode facer fronte ao pago, poderá solicitar unha redución (5€) ou exención de dito pago.

Artigo 2.

Como observadoras e observadores, con voz, mais sen voto, poderán asistir á Asemblea Nacional as e os simpatizantes e militantes sen plenos dereitos convidados pola Dirección Nacional ou polas Asembleas Comarcais.

Capítulo 2. Proceso pre-assembly.

Artigo 3.

A Dirección Nacional elaborará unha proposta de Orde do Día que recollerá como mínimo os actos de apertura; a exposición, debate e votación dun Informe da Dirección Nacional; a discusión das teses a debate; a elección das persoas que formen parte da Dirección Nacional entrante e Secretaría Xeral, e os actos de Clausura. Esta proposta será debatida e aprobada por maioría na Asemblea Nacional.

Artigo 4.

A Dirección Nacional nomeará un grupo de membros do organismo encargado da redacción das Teses. Para a redacción dos textos a Dirección Nacional convocará varias reunións dunha comisión aberta co fin de que se acheguen propostas. As e os redactores das Teses presentarán unha proposición de textos á Permanente que serán debatidos na Dirección

Nacional. Calquera membro da Dirección Nacional poderá presentar votos particulares no caso de que exista discrepancia co texto final aprobado por este órgano.

Artigo 5.

A Dirección Nacional aprobará o texto definitivo das Teses, enviándoo ás Asembleas Comarcais para o seu debate. Estas Teses irán acompañadas dos votos particulares, se os houber, e sempre que as persoas interesadas - membros da Dirección Nacional-, manifesten a vontade de mantelos.

Artigo 6.

As Asembleas Comarcais debaterán as Teses e os votos particulares. A militancia que cumpra os requisitos do artigo 1, poderá formular emendas parciais ou á totalidade da Tese. Os votos particulares non poden ser obxecto de emendas, debendo debaterse na súa totalidade. Para que unha emenda pase a debate á Asemblea Nacional precisa dunha votación favorábel dun mínimo do 30% dos votos emitidos na Asemblea Comarcal correspondente. Os votos particulares pasarán directamente á Asemblea Nacional.

Artigo 7.

A Comisión Permanente emitirá unha proposta de ditame para a sesión da Dirección Nacional que debaterá sobre as emendas aprobadas nas A. Comarcais. A Dirección Nacional poderá formular transaccións ás emendas, que serán sometidas ao debate da Asemblea Nacional.

Artigo 8.

As Asembleas Comarcais deberán emitir propostas de persoas para integrar a lista da Dirección Nacional e envalas, xunto coas emendas, á Comisión Permanente para que esta desde esta poidan enviarse telemáticamente á Dirección Nacional con alomenos 24 horas de antelación á xuntanza do organismo. O proceso será o mesmo no caso de informar da asistencia de convidadas e convidados á sesión da Asemblea Nacional.

Artigo 9.

A Dirección Nacional designará ás persoas encargadas de moderar e defender as Teses, tanto no Pleno como nas diferentes comisións.

Capítulo 3. Funcionamento da asemblea.

Artigo 10.

A Asemblea Nacional estará formada polo Pleno. Presidirá o Pleno a Permanente que designará dúas persoas coa función de secretaría que levanten acta da Asemblea Nacional, recollan as emendas, teses definitivas e conclusións. Correspóndelle á Mesa moderar o debate e levantar acta das resolucións.

Artigo 11.

No debate de cada emenda haberá unha intervención da persoa que a elaborou e outra do relatorio. Posteriormente, pasarase a unha quenda

fechada de palabras, seguida, se a Mesa considerase que fose necesario, dunha segunda quenda.

Artigo 12.

No pleno a Mesa poderá formular propostas de transacción ás emendas. No caso de que a persoa que emende acepte a transacción, pediranse votos a favor e en contra da transacción. No caso de que non acepte someterase a votación a emenda e o texto orixinal, sendo aprobado o que máis votos a favor teña.

Artigo 13.

Se unha emenda é aprobada no pleno o seu texto substituirá ao correspondente da tese. Se todas son rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal da mesma. Se ningún/unha militante asume a defensa dalgunha emenda, esta entenderase decaída.

Artigo 14.

A Teses someteranse á decisión final do Pleno, que a aprobará ou rexeitará no seu conxunto, nunha soa votación.

Artigo 15.

O Pleno aprobará as emendas que acaden maioría simple, ou o que é o mesmo, que teñan máis votos a favor que en contra.

Artigo 16

Ao comezo da xornada farase entrega das propostas de resolucións da Asemblea Nacional para o seu debate e aprobación. Do mesmo xeito, poderanse facer novas propostas de resolucións por parte das asemblearístas.

Artigo 17.

A Asemblea Nacional elixirá 25 persoas para formar parte da Dirección Nacional. A esta nova dirección sumaráselle a Responsábel Nacional da Asemblea de Mulleres e a/o Responsábel Nacional da Asemblea LGBT-que serán electas previamente a celebración da Asemblea Nacional polas propias asembleas de entre todas as compañeiras, de acordo cos estatutos de Galiza Nova e o presente regulamento- e pasarán a facer parte de maneira directa da Comisión Permanente. Aliás, sumaranse, no seu momento, á Dirección Nacional as persoas Responsábeis Comarcais, designadas polas súas respectivas asembleas.

Artigo 18.

A elección da Dirección Nacional farase por listas fechadas. Serán válidas todas as candidaturas que inclúan un mínimo de 15 de candidatas/os e un máximo igual ao número de postos a cubrir na candidatura, e que sexan presentadas á Secretaría Xeral -que dará conta á Comisión Permanente- coa aceptación expresa de cada persoa candidata, 48 horas antes do comezo da Asemblea Nacional. As listas deberán manter, tanto nos postos titulares como nas suplencias, unha proporcionalidade entre xéneros que deberá garantir a

presenza como mínimo do 50% de mulleres. No caso de existir algún erro nas listas poderase corrixir até 24 horas antes do comezo da Asemblea Nacional. A Mesa dará a coñecer as diferentes listas no curso da sesión correspondente da Asemblea Nacional.

Artigo 19.

En caso de existir máis dunha candidatura a votación será segreda, e os postos distribuiranse polo procedemento proporcional directo. Se só existise unha, a votación faríase a man alzada, quedando proclamada se obtén máis votos a favor que en contra.

Artigo 20.

A Comisión Permanente estará formada por 11 persoas. 9 corresponderán coas 9 primeiras persoas da candidatura e, de haber máis listas, estas 9 serán repartidas proporcionalmente ao apoio obtido polas candidaturas presentadas para a Dirección Nacional e seguindo a orde de cada candidatura. A Responsábel Nacional da Asemblea de Mulleres incorporarase á Comisión Permanente con voz e voto. A/O Responsábel Nacional da Asemblea LGBT incorporarase á Comisión Permanente con voz e voto.

Artigo 21.

A persoa que ocupe a Secretaría Xeral será a persoa que vaia no primeiro posto da candidatura máis votada.

Capítulo 4. Proceso post-asemblar.

Artigo 22.

Cando cause baixa un membro da Dirección Nacional electo pola Asemblea Nacional, o seu posto cubrirase coa seguinte persoa da lista correspondente. Cando cause baixa un membro da Comisión Permanente elixido pola Asemblea Nacional, o seu posto cubrirase con outro membro designado pola lista pola que foi electo.

Artigo 23.

A Dirección Nacional reunirse no prazo dun mes logo da celebración da Asemblea Nacional, para o que as Asembleas Comarcais deberán elixir neste espazo de tempo Responsábeis Comarcais ou representantes neste órgano. Nas reunións desas Asembleas Comarcais, ademais da elección das diferentes responsabilidades políticas, deberanse concretar os acordos da Asemblea Nacional no ámbito da comarca, formulando unha análise e unhas liñas de traballo comarcais no terreo político e organizativo, das que se deberá informar á Dirección Nacional.

Artigo 24.

A Dirección Nacional elixirá na súa primeira xuntanza a 5 persoas para formar parte da Comisión de Garantías entre as persoas que non formen parte da Dirección Nacional, sen contradicir aos estatutos de Galiza Nova e o presente regulamento. A elección destas persoas farase de entre as propostas

das Asembleas Comarcais, Asemblea Nacional LGBT e Asemblea Nacional de Mulleres.

Artigo 25.

O proceso de debate e elección de responsabilidades comarcais, alí onde sexa necesario, estará recollido nun regulamento que deberá ser coñecido pola militancia e pola Dirección Nacional e que non poderá ser contrario á redacción do presente regulamento nin dos Estatutos de Galiza Nova.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira:

Na sesión constitutiva da Dirección Nacional designaranse as persoas encargadas de darlle forma definitiva ao texto aprobado, incorporando todas as emendas e resolucións. Logo da pertinente revisión e corrección lingüística, procederase á súa publicación, no prazo dun mes, na páxina web da organización e enviaranse a toda a militancia por correo electrónico a través do Galiza Nova Comunicación.

Disposición adicional segunda:

As emendas ao presente regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Polo tanto o Regulamento unha vez aprobado pola Dirección Nacional, será válido e non se poderá emendar até a constitución da Asemblea Nacional, podendo a propia Asemblea na primeira sesión plenaria introducir emendas que atinxan ao proceso posterior.

Disposición adicional terceira:

Todas as emendas que impliquen a modificación dos estatutos deberán ser aprobadas por dous terzos do plenario da Asemblea Nacional e suporán a modificación automática do mesmos.

Disposición adicional quinta:

De xeito excepcional a militancia desprazada poderá solicitar a súa participación con voz e voto na Asemblea Comarcal onde figure como desprazada. Esta situación terá que estar argumentada e cada caso será avaliado pola Comisión Permanente, ou de ser posíbel pola Dirección Nacional. Este procedemento remata na mesma data de peche dos censos comarcais (15 de xuño).

Disposición adicional sexta:

A Dirección Nacional saínte está facultada para adiar temporalmente a celebración da XVI Asemblea Nacional no caso de que a situación sanitaria derivada da Covid-19 impida celebrala con garantías sanitarias para o conxunto da militancia.

Disposición derradeira

A Mesa que preside a Asemblea Nacional está facultada para interpretar este Regulamento en casos de dúbida ou omisión.